

CUESTIONARIO PREPARACIÓN E REFLEXIÓN

¿QUE SON, EMPIRISTA OU RACIONALISTA?

1. ¿Como podo averiguar se as seguintes proposicións: *“O calor dilata os corpos”/ “O sol sairá mañán”*, son verdadeiras?, ¿en que consiste o **método de investigación** que seguimos para saber se estas proposicións son verdadeiras ou falsas?, ¿para que **clase de proposicións** resulta axeitado este método de investigación da verdade?, ¿podes aportar un par de exemplos?, ¿que **clase de verdades** son as verdades que requiren este método de averiguación?, ¿que nome lle poderíamos dar a este **tipo de coñecemento**?, ¿en que **facultades** ou **capacidades** de coñecemento se basea?
2. ¿Como podo averiguar se as seguintes proposicións: *“Nun triángulo rectángulo, o cadrado da hipotenusa é igual ao da suma dos cadrados dos catetos”/ “Ningún solteiro está casado”*, son verdadeiras?, ¿en que consiste o **método de investigación** que seguimos para saber se estas proposicións son verdadeiras ou falsas?, ¿para que **clase de proposicións** resulta axeitado este método de investigación da verdade?, ¿podes aportar un par de exemplos?, ¿que **clase de verdades** son as verdades que requiren este método de averiguación?, ¿que nome lle poderíamos dar a este **tipo de coñecemento**?, ¿en que **facultades** ou **capacidades** de coñecemento se basea?
3. ¿Existen **coñecementos innatos** na nosa mente cos que xa nacemos?
4. ¿O **coñecemento humano** ten **límites**?, ¿cales son os límites do coñecemento?, ¿que é o que non podemos coñecer?